moemia virtual

Visita ao Parlamento de Galicia

Celebramos o Entroido no CRD Fingoi

Edición bimestral / Nº 186 - Marzo - Abril - Año 2019

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

COGAMI

Pertenecente a:
COCEMFE
Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

virtual moemia

Edita:

COGAMI - CRD-FINGOI -Lugo.

Consello de Dirección:

Directora:

Rosa M. Pías Salgado

Coordinadora:

Filomena León

Redacción / maquetación:

Enrique Sanmartín

Manuel Paz

Francisco Gullón

José Luis Vázquez

Ana Cristina Piñeiro

Luis Alberto García

José Ramón Mendoza

Arturo Fojón

María Teresa Guerra

Andrea Eva Csiki

Virginia García

María José Vigo

Marta Rodríguez

Juan Carlos Vila

Marta Díaz

David González

Alejandro Rodríguez

José Luis Rodríguez

Nieves Gayoso

Alain Lois

Alejandro López

Julio González

Laura Trebolle

Mar Trebolle

María Parapar

Sara Zoubia

Contidos

3 VISITA AL COLEGIO DE CEE SANTA MARÍA

04 PARLAMENTO GALEGO

05 CLUB VOLEIBOL EMEVE

06 ENTROIDO

08 RINCÓN CULTURAL

09 RINCÓN LITERARIO

DEPORTES INCLUSIVOS NOS CENTROS EDUCATIVOS

En colaboración con COCEMFE, e enmarcado no proxecto “Promoción da educación inclusiva e de soporte á atención do alumnado con necesidades educativas por motivo da súa discapacidade”, que desenvolve a técnica en educación Sabela López no provincia de Lugo, realizamos sesións de deportes inclusivos en varios centros educativos.

David González e Alejandro Rodríguez, persoas usuarias do centro de día, son os encargados de facer as dinámicas, coas que se pretende sensibilizar tanto ao alumnado como ao profesorado da importancia de poñer en marcha deportes e xogos accesibles que nos permitan a inclusión de todos e todas, fomentando un patio máis dinámico e inclusivo.

Estas sesións realízanse partindo dunha exposición sobre o deporte paralímpico da boccia, como se xoga, as principais regras, o material que se necesita e onde se pode comprar. Despois realízase unha demostración práctica para que todas as persoas experimenten en primeira persoa como é.

Algúns dos coles aos que se levou esta experiencia foron: CEE Santa María e CPR María Auxiliadora.

Persoalmente é unha experiencia moi chula e emocionante explicar a boccia, ante un público tan especial.

VISISTAMOS O PARLAMENTO DE GALICIA

O pasado 25 de abril as persoas usuarias acompañadas por profesionais do centro de día de COGAMI en Lugo, desprazámonos á cidade de Santiago para coñecer o Parlamento de Galicia, as súas instalacións e funcionamento e ver as diferentes obras de arte que acolle.
Acompañados por tres persoas que facían de guías para nós, fixemos un percorrido polo Pazo do Hórreo e vimos un vídeo no que nos mostraban a que se dedicou o edificio no século pasado e como é agora mesmo. Coñecimos distintas salas de reunións e a biblioteca. Finalizamos a visita no Hemiciclo onde tivemos a oportunidade de sentarnos nas butacas ou falar na tribuna. Resultounos un lugar moi acolledor xa que polas diferentes salas e corredores por onde nos movemos había diferentes obras de autores galegos.
Despois de comer, desprazámonos ao Polígono Industrial do Tambre para visitar TRAMEVE que é un centro especial de emprego especializado no despezamento ecolóxico de automóbiles que pertence ao grupo empresarial de COGAMI.
Nel traballan unhas 18 persoas con distintas discapacidades.
Na nave o encargado do taller comentounos como clasifican as distintas pezas e que fan cos residuos que non son reutilizables.
Tamén puidemos ver como desmontan os automóbiles e como clasifican as pezas por marcas e modelos.
Encantounos o ben que tiñan ordenadas nos andeis as diferentes pezas.

VOLEIBOL PARALÍMPICO EN LUGO

O club de voleibol EMEVE de Lugo, que se atopa na Super Liga cos seus dous equipos masculino e feminino, propúxose conseguir persoas con capacidades diferentes para tentar formar un equipo de voleibol paralímpico.
O equipo comezou por reunirse coas distintas asociacións de persoas con discapacidade para explicar en que consistía o seu proxecto, para logo realizar ao longo do ano distintas sesións semanais nas que todas aquelas persoas que quixeron puidemos probar e ver se nos gustaba.

Estas sesións, impartidas por diferentes profesionais do EMEVE, tamén serviron para explicar as regras do voleibol, facer demostracións de como se xoga e analizar as diferentes aptitudes e preferencias das persoas. O obxectivo é conseguir nun prazo próximo conformar un equipo paralímpico de voleibol na cidade.

ENTROIDO NO CRD FINGOI

Un ano máis celebramos o Entroido en Cogami, disfrazándonos libremente cada persoa como quixo. Para a organización da festa, houbo comités de traballo, para preparar o que se ía facer.

Un comité preparou os xogos que ía haber. Tamén se decidiu facer un desfile, como se desfilaría, de que maneira e ata a música que ía soar durante a festa.

Outro comité escolleu a comida que se ía a preparar para a festa. Un día preparáronse as receitas e outro día cociñáronse os pratos escollidos, tanto fritos como ao forno.

O día da festa cando chegamos, primeiro disfrazámonos, cada persoa co disfrace que había escollido, despois houbo un desfile , no que a xente ía bailando con música para facelo máis alegre e divertido.

A continuación tivemos xogos, un era coller bandeiras antes que o adversario collésea. O segundo xogo era descubrir unha canción cunha soa palabra, neste xogo tiñamos que tatarear para descubrir outra canción. O terceiro era nunha mesa de ping pong evitar que caese a pelota da mesa.

E despois comemos os doces de entroido, orellas e roscas de anís, que foran preparados no centro

.

Foi moi divertido, e pasámosnolo/pasámonolo moi ben.

Green Book

Un día de marzo, as persoas usuarias do centro de día de COGAMI, fomos ao cinema para ver a película Green Book.

A cinta é unha comedia dramática que está baseada no racismo e discriminación que sufrían as persoas negras en Estados Unidos durante os anos sesenta, e a amizade que xorde entre un pianista de música clásica, un home moi educado con moi bos modais, que era afroamericano e un italoamericano que traballaba nunha sala de noite de porteiro de seguridade, estaba casado e con fillos, que foi o seu chofer para levalo de xira por unha zona hostil de Estados Unidos.

As cousas non eran tan fáciles como pintaban nun primeiro momento, porque cando se foron, xurdiron varios inconvenientes, entre os cales, a policía que non podía admitir ou respectar que un afroamericano puidese ir nun coche de noite polas estradas do sur de Estados Unidos, por iso foron detidos os dous.

Tampouco os deixaban entrar nas tendas de roupa, nin nos restaurantes, co cal, a discriminación era tal cara a esa persoa que este home revelábase contra esa situación tan bochornosa. Mentres que o chofer axudábao cada vez que se metía en problemas, e o músico prestáballe a súa axuda para escribir cartas á súa muller. Ao final fixéronse tan amigos que por Nadal o músico foi a cear a casa do chofer.

Para min a película é unha visión da vida das persoas negras que vivían na zona sur dos Estados Unidos nos anos sesenta, onde se odiaba aos negros por ser negros e non por outra cousa.

Tempos de Soedade

Capítulo 37

Despois de falar outra vez co xuíz e con outros dous avogados, Enrique saíu do Xulgado e foise a tomar un café, xa era luns. Cando chegou ao seu despacho, atopouse cunha visita inesperada, tratábase de Manuel Paz, o fiscal de distrito de Galicia, que ía levar o caso de José Manuel Ramil, pero a súa secretaria cometera un pequeno erro, deixou entrar no despacho de Enrique ao fiscal, e iso non lle gustaba nada, ameazou con despedila , pero o erro non tivo maiores consecuencias, díxolle de boas maneiras que o seu sitio non era alí, que o trasladase inmediatamente á sala de conferencias.

- Bos días, Manuel, Que desexas?
- Bonitas dependencias, dixéronme que pertenceran a Carlos Suárez.
- Exactamente, Que queres?
- Viña a facerche unha visita.
- Teño moito que facer.
- Tamén me gustaría falar do caso de José Manuel.
- Fala co avogado que contratou.
- Para min es un adversario moi respectable, gustaríame moito enfrontarme a ti, e esperaba a batalla con moita ilusión.
- Pois, de momento non vai poder ser.
- Vou ser sincero, desde hai moitos anos, e non me interpretes mal, non me gustas como avogado.
- Supoño que desde o caso do irmán de Ramil.
- Si, iso é, gañaches con algunha trampilla e xogaches algo sucio.
- Eu penso todo o contrario, e aquí o que conta é gañar, collinche algo desprevido nalgúns puntos que o teu non planificaras.
- Tamén o xuíz tivo algo de culpa nese xuízo, en dúas palabras fixo a vista gorda nalgúns apartados.
- Como vexas, pero ti tampouco me gustas.
- Cambiando de tema, Sabes algo do novo avogado de José Manuel?
- Que estas aquí por iso?
- Pode ser.
- Non sei quen é, ademais non che vou a dicir nada sobre el. Desexas algo máis?
- Pero non falaches con el ultimamente?
- Si, si que falamos, por teléfono, pero non me dirás que iso che preocupa.
- Non, non me preocupa nin me interesa, é só simple curiosidade. El ten moi boa reputación.
- Si, así é, pero non virías aquí pola súa reputación.
- Non, vin a falar do caso.
- Que queres saber?
- Si hai algunha posibilidade de que sexa inocente, se estaba realmente tolo cando o fixo e outras cousas.
- Nunha das túas múltiples conferencias de prensa, eu creo que dixeches que se lle ía a condenar de todas todas, pero agora a súa señoría ten dúbidas.
- Moito che gustan as cámaras, Enrique, bóta-las de menos?.
- Tranquilo, Manuel, de momento ausenteime deste xogo, por tanto as cámaras son todas túas e tamén do avogado defensor. Sinto moito se nalgún momento priveiche dos teus privilexios, pero a vida é así.
- Sabes se veu ese avogado á cidade? - preguntou Manuel, levantándose da súa cadeira.
- Non teño nin idea.
- É que quedou en dar unha rolda de prensa esta semana e aínda non sabemos nada.
- Non me dirás que viñeches a saber cando era a rolda de prensa, porque eu non o sei.
- Non vin por iso, gustaríame falar do caso RAMIL, pero vexo que estas demasiado ocupado.
- Así é, por tanto rogaríache que me deixases seguir traballando.
- Si, xa me vou, queixume moito molestarche,
- Eu tamén. adeus Manuel.



SERVICIO DE ATENCIÓN DIURNA TERAPÉUTICA

COGAMI - CRD FINGOI

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

COGAMI

Pertencente a:
COCEMFE
Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica